CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipos e Provincias

número 33
inverno 2019
segunda época

Concellos e sostibilidade forestal

INFORME ECONÓMICO
As cifras do financiamento local para 2019

INICIATIVAS LOCAIS
800º Aniversario de Betanzos

TURISMO
10 personaxes imprescindibles do Entroido

AO COMPÁS
A saia da Carolina baila ao son da Bela Otero

Imaxe de Portada: As Pantallas en Xinzo de Limia (imaxe cedida por Turismo de Galicia)

fegamp

Cada gota conta

AFORRA PARA CONVENCER

LABOR DE CONCIENCIACIÓN NA OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS

Tanto en uso doméstico da auga como nas regas e na gandería, especialmente nas cabeceiras de pequenos ríos e regatos. **¿Será quen o teu concello de motivar á cidadanía?**

INSTALAR MECANISMOS DE AFORRO DE AUGA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Se unha soa billa aberta pode perder 10 litros por minuto o aforro sería de 75.000 litros en 365 días o que sería o aforro dunha piscina de auga ao ano por cada billa. **¿O teu concello cantas piscinas cres que pode aforrar?**

REDUCIR AO MÁXIMO AS FUGAS NAS CANALIZACIÓNS

Intensificar as labores de mantemento da rede de abastecemento de cara a minimizar perdas e optimizar o seu funcionamento. Basta con ser conscientes de que entre un 20% e un 30% da auga que vai polas redes de subministro das cidades pérdese en fugas. **¿Sabes canta auga deixaría de perder o teu concello?**

E EN PERÍODOS DE SECA

- OPTIMIZAR AS REGAS
- RESTRINXIR BALDEO DE RÚAS
- SUPRIMIR O USO DE FONTES ORNAMENTAIS
- REDUCIR A PRESIÓN EN HORARIO NOCTURNO PARA MINIMIZAR FUGAS
- LIMITAR O ENCHIDO DE PISCINAS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Carta do presidente

O valor do monte galego

A piques de rematar o meu mandato como presidente da Fegamp corresponde empezar a facer balance do que ten sido esta etapa, dos logros acadados e dos retos que hai que seguir enfrontando. Quedan aínda por diante varios meses de traballo e unha axenda municipalista que atender, con asuntos de relevancia para os nosos territorios e, como non, para Galicia.

Creo que o gravísimo episodio de incendios do pasado outono de 2017 marcou un fito de non retorno nas políticas de xestión do monte e de protección da cidadanía fronte aos incendios. Tanto así que a Fegamp intensificou os seus esforzos para conseguir acadar consensos e propostas prácticas que permitan tanto que as entidades locais poidan facer unha xestión administrativa máis áxil as áreas forestais da súa competencia, como que poidan xurdir iniciativas de explotación forestal que contribúan a crear riqueza nos territorios como a previr a ameaza dos lumes sobre os núcleos de poboación.

O establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias- xa que é o espazo forestal que nos compete- a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, SEAGA e a Fegamp, deixa ver unha luz ao final do túnel de sobrecarga de traballo administrativo que supón a xestión das faixas secundarias por unha administración local atada pola normativa e sobre a que se descargan numerosas competencias carentes da correspondente financiamento.

As particularidades do noso monte non axudan: máis dun 90% en mans privadas, o minifundismo, titularidades descoñecidas, etcétera, polo que corresponde ir dando pasos pequenos pero seguros, como os que xa se van camiñando no convenio de colaboración asinado que conta coa realización duns contidos predefinidos e estandarizados. En concreto estase a levar a cabo a elaboración dos Plans de Defensa contra Incendios Forestais dos municipios e a cartografía das faixas secundarias de protección dos núcleos en cada concello, que son dúas actuacións que permitirán que en breve se inicien os traballos de xestión de biomasa sobre o terreo.

Por outra parte, a Dirección Xeral de Defensa do Monte tamén está a desenvolver un visor web da cartografías das faixas secundarias, de xeito que a cidadanía poida consultar a situación das súas parcelas. A maiores, se prevé dotar aos concellos adheridos dunha aplicación a través da cal poderán iniciar e facer seguimento dos procedementos administrativos abertos sobre as parcelas incluídas na rede de faixas secundarias do seu concello, o que permitirá unha maior axilidade e estandarización na tramitación das notificacións, identificación de propietarios ou procedementos de execución subsidiaria.

Estas actuacións esixen un traballo minucioso e máis lento do que un quixera que fose, pero sen dúbida están a contribuír para que academos un dos obxectivos deste mandato: a posta en valor do monte galego.

Alfredo García Rodríguez
Presidente da Fegamp e alcalde do Barco de Valdeorras

CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

inverno 2019
número **33**
segunda época

Coordinación e redacción
Diana R. Ramos
Responsable de Comunicación da Fegamp

Redacción
Raúl Fernández
Coordinador da Fegamp
Alicia González
Técnica da Fegamp
Andrés Núñez
Técnico da Fegamp

Colaboración
Carmen Novas
Responsable de Comunicación do Fondo Galego
Prf. Dr. Francisco Peña
Fundador Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020

Información de publicidade
Dpto. publicidade
Tel: 981 062 476

Deseño e maquetación
Rubine Red Comunicación
www.rubine.es

Fotografías e ilustración
Miguel Muñiz
Diana R. Ramos
Laura Gómez
(De Cibreiro)

Edita
Federación Galega de Municipios e Provincias
(Gabinete de Comunicación)
Rúa Varsovia-Área Central, 4C,
6º andar / 15707 Fontiñas,
Santiago de Compostela

Tel: 981 555 990
Fax: 981 565 203
comunicacion@fegamp.gal
www.fegamp.gal

Depósito Legal: C-2775-05
ISSN: 1885-5482

Cantís de Morás. Concello de Xove

sumario

03* Carta do Presidente
O presidente da Fegamp reflexiona sobre os pasos dados na posta en valor do monte galego

06* Convenios
Poñemos ao día os datos sobre as colaboracións acordadas coa Xunta de Galicia

12* Informe Económico
No informe deste inverno coñeceremos as cifras do financiamento local para 2019

16* Iniciativas Locais
800 anos de historia da cidade e un resumo das actividades no Ano de Betanzos

20* Medio Ambiente
Nesta sección achegamos as novidades en materia medioambiental nas que está a traballar a Federación e un resumo de subvencións nesta materia

22* O Faladoiro
O Prof. Dr. Francisco Peña fálanos de Medio Ambiente, Saúde e Turismo Sostible

24* Entroido galego
Facemos un percorrido por 10 personaxes do Entroido galego que non podes deixar de coñecer

26* Fondo Galego de Cooperación
O Fondo Galego arrinca 2019 cun centenar de concellos sociais

27* Actividades e Eventos
Repasamos as xornadas propostas para o mes de marzo en materias de interese para os gobernos locais

30* Ao compás
A Saia da Carolina baila ao son de A Bela Otero

Colaboración entre Concellos e Xunta ao abeiro do pacto de estado contra violencia de xénero

No mes de xaneiro o presidente da Fegamp, Alfredo García, reuníase na sede da Federación co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, acompañado da secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, e a directora xeral de Administración Local, Marta Fernández Tapias. O motivo do encontro era abordar varias medidas que o goberno autonómico ten previsto poñer en marcha ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. En concreto os concellos dispoñen de 1,2 millóns de euros para desenvolver o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, pero, ademais dos recursos para os concellos, o Pacto tamén achega 8 millóns de euros anuais ao goberno autonómico para desenvolver o Pacto.

O vicepresidente autonómico informou ao presidente da Fegamp de que a través da dotación do Pacto de Estado, o Goberno galego porá en marcha, este mesmo ano, un programa de cooperación coas entidades locais para a contratación directa de mulleres vítimas de violencia de xénero, dotado con 2 millóns de euros. Avanzouse do mesmo modo que tamén para este ano, como novidade, a Xunta engade unha nova liña de axudas, por importe de 800.000 euros, para que os concellos leven a cabo programas de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, e priorizando ademais que faga especial incidencia no ámbito rural.

A Fegamp e a Xunta firman a continuidade dos GES

Tras meses de intensas negociacións para acordar a fórmula coa que manter os Grupos de Emerxencias Supramunicipais en Galicia, finalmente, o acordo para a continuidade dos GES asinouse o 26 de decembro entre os concellos e deputacións galegas -representadas a través da Fegamp- e os departamentos competentes na materia da Xunta de Galicia.

Alfredo García quixo destacar ao remate do acto de sinatura o esforzo financeiro que fixeron as deputacións (que asumen un 40 % do custe total do servizo) e concellos con GES (que costearán un 7,5 %). García remarcaba a importancia dos números nestas negociacións: "ademais, no caso concreto das deputacións, o esforzo é maior xa que pasan de costear un 20 % do servizo a facelo nun 40 % do total" explicaba. En xeral, o orzamento para os GES acordou ser aumentado ata 280.000 euros ao ano por cada grupo, dos que a Xunta asumirá un 52'5 %.

Pasando ás funcións que terán que desempeñar os GES, estarán: a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación; actuacións de prevención de pragas, como a vespa velutina; prácticas preventivas nos terreos forestais, camiños e espazos públicos para previr incendios; ou intervencións en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas ou en situacións derivadas de riscos naturais; os GES tamén poderán establecer colaboracións con protección civil ante calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou o medio ambiente.

Avances no Convenio de Xestión de Faixas Secundarias

Tras o nomeamento de José González como novo conselleiro do Medio Rural, este demandou unha reunión co presidente da Fegamp, Alfredo García, coa finalidade de marcar unha folla de ruta para executar o obxecto do convenio asinado entre ambas institucións en materia de xestión da biomasa forestal preto das vivendas.

Así, ao longo do ano 2019 ambas entidades acordaron colaborar na definición dos plans básicos de prevención de incendios dos 177 concellos adheridos ata o momento ao convenio dada a complexidade técnica de execución que supoñían estes plans para os propios municipios.

Así, nunha primeira fase, que se iniciou en xaneiro e rematará en marzo, os 177 concellos galegos adheridos, trasladrarán á Consellería do Medio Rural toda aquela información cartográfica (coa delimitación dos núcleos de poboación para que se poidan delimitar as faixas) da que dispoñan. O obxecto é que a propia consellería poida colaborar na elaboración dos plans básicos de prevención de incendios de cada un dos concellos sumados ao acordo e a planimetría das franxas coa correspondente identificación dos titulares catastrais das parcelas.

A vontade de entendemento é a nosa responsabilidade

Os representantes das diferentes Administracións –municipal, provincial e autonómica– temos un deber compartido, que non é outro que o de xestionar o diñeiro público, que son os cartos de todos, da mellor forma posible e sempre en beneficio da cidadanía.

As competencias asumidas por unha ou outra institución, en función da súa natureza, son evidentemente diferentes. Pero distan na forma, non no fondo. Sabemos que os recursos son limitados e sempre pensamos en empregalos como consideramos que estarán mellor investidos.

A relación interinstitucional e a vontade de entendemento resulta esencial para acadar ese obxectivo común de xestionar os medios dispoñibles con responsabilidade e da mellor forma posible, sempre baixo criterios de eficiencia.

Neste senso, a relación entre a Fegamp e a Xunta de Galicia, como organismo co que máis nos correspondeu dialogar, foi desde sempre fluída. Existen discrepancias lóxicas, puntos de vista diferentes, asuntos máis ou menos discutidos...; pero o importante é que logramos chegar a acordos substanciais en materias moi importantes para o noso desenvolvemento como sociedade. Esa é a nosa obriga e a nosa responsabilidade como representantes públicos.

No seo do municipalismo, representado por cores políticas ben diferentes, este consenso é o protagonista do noso día a día. A pesares das diferenzas ideolóxicas que pode haber, as preocupacións que nos moven son practicamente idénticas. Coincidimos en máis do 90% das cuestións plantexadas porque a nosa prioridade é sempre a de traballar pola mellora do benestar da veciñanza.

Penso que a voz das entidades locais, que soa esencialmente ao unísono, debería ser máis escoitada en todos os estamentos políticos –tanto estatais como autonómicos–, porque moitas veces ese consenso acadado acaba rachándose por comportamentos e decisións tomadas por compañeiros que non están tanto entre a xente, traballando a pé de terreo.

Esta predisposición ao entendemento é unha máxima que debemos ter moito máis presente todos os representantes e dirixentes públicos, antepoñendo sempre os proxectos feitos para a xente, sobre a simple e estéril confrontación.

Alfonso Villares
Vicepresidente primeiro da Fegamp
e alcalde de Cervo

A Fegamp aposta polo apoio ao Corredor Atlántico Noroeste

O presidente da Fegamp, Alfredo García, ten amosado sempre o seu compromiso co Corredor Atlántico Noroeste, un compromiso que reivindica de forma activa desde o ano 2000 nas plataformas de Valdeorras, O Bierzo e Terras de Lemos, e que continúa a defender na actualidade desde a Federación Galega de Municipios e Provincias e o Eixo Atlántico, entidades das que agora mesmo é presidente.

Recollemos a continuación algunhas declaracións que o presidente ten realizado en varias ocasións sobre esta infraestrutura e que resumen a súa postura:

"O Corredor Atlántico é unha infraestrutura que será básica para Galicia xa que pode reverter o desequilibrio territorial existente ata agora, conseguindo que as mercadorías dos portos galegos estean conectadas con Venta de Baños -pasando por Ourense e Monforte con saída cara Ponferrada/León- a un prezo e un tempo competitivos. Por iso ademais do compromiso financeiro do Estado, as institucións con competencias neste corredor teñen as súas propias responsabilidades e teñen que desenvolvelas para que o proxecto funcione: poño como exemplo as CC.AA. que teñen responsabilidade sobre os centros loxísticos (ou tamén chamados portos secos) que no caso das mercadorías de Galicia recae no desenvolvemento do porto seco de Monforte, sendo o de maior importancia en Galicia, xunto co do Bierzo en Ponferrada, por ser o máis próximo ao territorio".

Axenda Corredor Atlántico

Presentación dos datos económicos do Corredor en Madrid

O día 20 de febreiro tivo lugar a presentación do Corredor Atlántico no Ministerio de Fomento en Madrid onde o ministro, José Luis Ábalos, presentou o proxecto económico para esta infraestrutura. O presidente da Fegamp, Alfredo García, que ten acudido sempre ás chamadas de apoio desta infraestrutura, neste caso tampouco quixo faltar.

Os datos ofrecidos para Galicia na presentación levada a cabo polo ministro Ábalos resúmense en que en 2019, Fomento destinará a este proxecto 2.820 millóns de euros dos 16.872 millóns de euros totais do proxecto no horizonte 2030. Deste importe, este ano se prevé executar 370 millóns correspondentes a obras no Noroeste e 660 millóns a traballos en Castela A Mancha e Estremadura.

A Fegamp reivindica unanimidade na defensa do trazado do Corredor

O presidente da Fegamp, Alfredo García, tamén acudía ao *Encontro para o Impulso do Corredor Atlántico Noroeste* celebrado no mes de xaneiro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela e no que se contou coa presenza dos presidentes da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, do Principado de Asturias, Javier Fernández, e da Xunta de Castela e León, Juan Vicente Herrera.

García participou durante o encontro nunha mesa de opinión onde manifestou que "pola gran importancia que ten este corredor, debemos traballar a fondo no trazado actual sen dispersión con outras ideas posto que, perdernos en localismos ou en arrimar cada cal a ascua a súa sardiña, o que conseguiría é poñernos pedras no noso propio tellado", aclaraba.

A Conselleira de Infraestruturas asegura que o Plan de Transporte garantiza os contratos pequenos

A petición da propia Federación, o presidente da Fegamp, Alfredo García, mantivo no mes de xaneiro unha reunión coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, para dar resposta ás dúbidas que se tiñan xerado nalgúns concellos respecto a necesidade de contar con contratos pequenos no Plan de Transportes. A conselleira aseguroulle ao presidente que estes contratos pequenos están garantidos no Plan de Transportes de Galicia que está sendo posto en marcha na comunidade.

Nesa reunión atopábase tamén a directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, coa que se avanzou na posibilidade de axilizar as obras que necesitan do permiso de Augas de Galicia para ser levadas a cabo. Na reunión propúxose que a través dunhas instrucións similares ás que a Fegamp acordou con Patrimonio Cultural -e para determinadas actuacións-, sexan os propios concellos os que tramiten o permiso, axilizando así a recuperación de zonas en rehabilitación.

Unha nova volta na roda: o exemplo da policía local

A roda da vida está a xirar de xeito permanente e, teimuda ela, unha e outra vez volta a pasar polo mesmo punto e nos concellos sabemos ben o que acontece. E cando non é un, é outro, pero estamos a seguir saltando obstáculos, carreira a carreira. Coa entrada en vigor a principio de ano, concretamente desde o 2 de xaneiro, do decreto que regula o anticipo da idade de xubilación para policías locais que teñan cumprido os requisitos, volvemos a atoparnos con unha volta de torca que provoca un novo problema para os concellos. Chove sobre mollado, porque, pinga a pinga, vemos como, en correspondencia aos dereitos adquiridos, estanse a tramitar esas merecidas xubilacións para atoparnos a continuación con diferentes problemáticas para a súa substitución por novos policías ou mandos, o que xa provoca unha nova situación que, outra volta máis, teremos que encarar.

Son moitas as persoas, en todos os concellos, pero en maior número segundo a dimensión de poboación, as que en moi pouco espazo temporal pasaron a tramitar esas solicitudes de xubilación, pero non podemos cubrir de xeito interino esas vacantes porque a contratación de estes profesionais non está amparada por esa figura, aínda que sería conveniente, para manter o persoal operativo, que de xeito excepcional e con temporalidade determinada, se puideran contratar como interinos a policías locais.

Tamén, e podería contribuír a paliar unha nova realidade que temos que xestionar, a administración pública, con criterio de xenerosidade e avaliando estas novas circunstancias, debería posibilitar a contratación de auxiliares de policía para, temporalmente, manter a necesaria operatividade, sabendo as competencias e responsabilidades que un auxiliar tería que asumir. As poboacións turísticas que aumentan nunha porcentaxe elevada o número de residentes ou visitantes durante determinadas épocas pero carecen de esa total necesidade durante varios meses do ano, precisan esa figura de auxiliar para garantir a precisa atención ás moitas demandas da súa sociedade.

A situacións especiais son precisos remedios excepcionais, por iso permitir a contratación de efectivos para cubrir as necesidades municipais en determinados períodos debería partir de unha modificación do regulamento que contemplase a eliminación do número máximo de meses por contrato e, xa que logo, paliar a problemática que en determinados momentos podamos padecer por carencia e falta de policías locais.

Somos moitos os concellos que temos delegado o proceso selectivo de policías locais e auxiliares pero non podemos esquecer a quen fixo un proceso propio e atópanse con que teñen persoas que superaron un proceso selectivo e non poden tomar posesión porque, polo de agora, non teñen feito o curso formativo na academia.

Algunhas decisións haberá que seguir adoptando pero a roda da vida segue a dar voltas.

Evencio Ferrero
Vicepresidente segundo da Fegamp
e alcalde de Carballo

10.

A FEGAMP POLA IGUALDADE

A Fegamp apoia a difusión dos dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

No mes de xaneiro tiña lugar unha xuntanza entre o presidente da Fegamp, Alfredo García, acompañado do técnico da Federación, Andrés Núñez, xunto coa presidenta da asociación DMD-Galicia, Ascensión Cambrón, que acudiu á cita coa secretaria da asociación, Lucía Calvo. A reunión foi a culminación das conversas mantidas con esta asociación, que se estenderon no tempo desde 2017, para acordar a forma de difundir os dereitos e garantías das persoas enfermas terminais de Galicia.

Tras a xuntanza mantida, a xunta de voceiros da Fegamp, daba tamén o visto bo á unha declaración institucional realizada en sintonía coa asociación DMD-Galicia e centrada en dar difusión a Lei 5/2015 de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais publicada no DOG o 26 de xuño. A Xunta de Voceiros da Fegamp daba o seu apoio de forma unánime ao texto no que se especifica os compromisos da Federación que, principalmente, comprométese a:

- apoiar a proposta da asociación DMD-Galicia para o recoñecemento da data do 12 de xaneiro (conmemoración da morte de Ramón Sampedro), como Día da Morte digna en Galicia
- a impulsar e potenciar accións e procedementos que faciliten á poboación, especialmente no mundo rural, o outorgamento do documento de instrucións previas
- e tamén se compromete a promover a realización de campañas informativas nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma e servizos sociais dos concellos galegos para difundir a "Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais".

Para o desenvolvemento destas medidas a Fegamp seguirá mantendo xuntanzas periódicas coa asociación DMD-Galicia e a Consellería de Sanidade para asinar un convenio no que se plasmen os compromisos de todas as partes neste ámbito.

Mantense a estreita colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), Mª Rosa Álvarez Prada, acompañada do vicedecano do Colexio, Hipólito Puente, e a vicesecretaria da entidade, Alejandra Isabel Fernández, mantiveron unha reunión de traballo co presidente da Fegamp, Alfredo García, para tratar temas nos que ambas institucións están a traballar de forma conxunta e valorar os resultados que están a obter as iniciativas que se puxeron en marcha ao longo de 2018 .

A tónica dominante no encontro foi a de apostar pola continuidade dos proxectos en marcha, xa que a valoración que se fai desde ambas entidades é moi positiva e os resultados acompañaron esta percepción. Un exemplo é a campaña "concellos galegos #poloBoTrato", que está activa durante todo o ano, e que se fixo coa posibilidade de ser personalizada por todos os concellos galegos. Esta campaña estase a levar a cabo por terceiro ano consecutivo xa que tivo moi boa acollida entre o municipalismo galego. Tamén o gabinete de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero vai continuar a súa andadura grazas á colaboración entre o COPG e a Fegamp, que conseguiron unha cobertura psicolóxica profesional desde os concellos na atención a vítimas e familiares de mulleres nesta difícil situación. E houbo en 2018 unha terceira colaboración co colexio, na que tamén participou a secretaría xeral de Igualdade, e que consistiu nunha campaña para motivar á cidadanía no respecto ás mulleres nas festas de verán. Baixo o título: "De Troula ConSentido: Festas Galegas Libres de Violencia Sexista", a campaña – que segue activa para o seu uso - foi empregada por multitude de concellos, asociacións e institucións encargadas da organización de festas.

Os concellos non somos *pagafantas*

Desde os servizos de secretaría e intervención dos concellos os/as alcaldes/esas achegan á nosa federación a preocupación polas diferentes frontes abertas que están a colapsar o desenvolvemento do día a día municipal. Os concellos podémolo dicir máis alto pero non máis claro: estamos cansados de ver como cada vez engrosa máis a listaxe de temas que pasan a ser competencia do goberno municipal nos últimos tempos e os concellos estamos a facer máis do que podemos en moitos eidos.

A Lei de estabilidade Orzamentaria de 2012 deixou a moitos municipios coas mans atadas pero isto non foi impedimento para que un goteo de novas responsabilidades comezaran a recaer sobre os gobernos locais: a retirada de niños de vespa velutina, o control da limpeza nas faixas secundarias de protección dos núcleos rurais, o gasto derivado da implantación da administración electrónica, etcétera. Todo isto, sumado a atribucións municipais que non son claramente a nosa competencia como o financiamento dos conservatorios de grado medio, a limpeza dos Centros de Primaria, a asunción de parte do custe das UAD (Unidades de Atención á Drogodependencia), ou a asunción do custe de parte do SAF (Servizo de Axuda no Fogar), van sumando no saco de responsabilidades e, para financialas, os/as rexedores/as temos que facer encaixe de bolillos co orzamento municipal.

Pero unha das atribucións que ten xerado máis preocupación pola difícil prestación do servizo, ten sido o incremento do custe que trouxo consigo a Lei de Benestar Animal posta en marcha pola Xunta de Galicia. A cantidade a maiores que os concellos están a gastar oscila entre os 20.000 e os 200.000 euros e, aínda que desde a consellería de Medio Ambiente insisten unha e outra vez en que a lei non cambiou as competencias municipais, si cambiaron as condicións nas que se presta o servizo polo que antes de lexislar, habería que ter feito unha análise da situación actual, das instalacións existentes en toda Galicia e a súa capacidade, e sobre todo do incremento do custe que se ía xerar.

Tras sernos devoltas as competencias en materia de igualdade e para rematar, sorprendeume notablemente unha "recomendación" que se nos fai aos concellos derivada de la reforma da Lei de Bases de Réxime Local recollida no Real Decreto 9/2018 do 3 de agosto, no sentido de que sexamos nós -a través da policía local- os que nos encarguemos de vixiar o cumprimento das ordes de afastamento en casos de violencia de xénero. De verdade iso tamén vai ser finalmente responsabilidade nosa? Digo eu que antes de propoñer algo así, haberá que facer un estudo dos recursos necesarios, formación dos profesionais, e de onde vai saír o financiamento necesario para acometelo; porque non vale que en canto se escoitan rumores de problemas, a solución sexa "que o fagan os concellos", porque os concellos, ao contrario do que algúns parecen pensar, non somos, nin queremos ser, os pagafantas doutras administracións.

Manuel Mirás Franqueira
Vicepresidente Executivo da
Fegamp e alcalde de Oroso

As cifras do financiamento local para o ano 2019

A contía da PIE prorrogarase por terceiro ano consecutivo pola non aprobación dos orzamentos xerais do Estado.

As transferencias da Comunidade Autónoma ás Entidades Locais ascenderán a 390,5 millóns de euros.

Participación nos ingresos do estado

Un ano máis, a Participación nos Ingresos do Estado (PIE) correspondente aos concellos e deputacións provinciais foi prorrogada dado que non foron aprobados os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019. As variacións producidas na contía dos distintos concellos integrados no réxime de variables nesta entrega a conta realizada é resultado da actualización dos índices utilizados para o reparto: Poboación, Esforzo Fiscal e Inverso da Capacidade Tributaria.

O proxecto de Orzamentos do Estado para o ano 2019 contemplaba as demandas realizadas polo grupo de traballo creado no seo da FFEMP - e do que forma parte a Fegamp - dado que se compensarían a través das mesmas os efectos negativos derivados da implantación do SII do IVE. Estes producirían na liquidación definitiva da PIE correspondente ao ano 2017, estimada en - 28,5 millóns de euros para as entidades locais galegas fronte ao resultado positivo de + 3,5 millóns do ano anterior, se non hai variación no criterio.

O feito de que este proxecto de orzamentos fora finalmente rexeitado volve deixar nun interrogante a solución que se poida dar a un aspecto que crearía un prexuízo económico engadido, aos xa habituais producidos ao longo do período dende o ano 2004 e que se plasmaron no informe realizado polo grupo de traballo, derivados dun sistema de financiamento das entidades locais obsoleto que require dunha reforma urxente.

Entrega a conta PIE ano 2019
(Entidades Locais galegas)

	Entrega a Conta Ano 2018	Entrega Conta Prorrogada Ano 2019
Concellos Galegos Réxime Variables	353.592.344 €	354.358.741 €
Concellos Galegos Réxime Cesión	244.032.128 €	244.032.128 €
Deputacións	551.728.216 €	551.728.216 €
TOTAL	**1.149.352.688 €**	**1.150.119.085 €**

Transferencias Xunta de Galicia a entidades locais

Fondo de Cooperación Local (FCL)

> É a participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos

> A participación queda establecida para o ano 2019 no 2,3787935 % da recadación líquida dos Capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral

> Carácter **NON FINALISTA**

> O importe total do FCL ascenderá a **128,7 millóns de euros** cos seguintes criterios de reparto

a) Fondo Base (113 millóns de euros)
Participan todos os concellos e Fegamp en base a uns coeficientes calculados tendo en conta a poboación, superficie, entidades singulares de poboación e esforzo fiscal

b) Fondo Adicional (9,9 millóns de euros)

c) Fondo Complementario (1,3 millóns de euros)

d) Liquidación exercicios anteriores (4,5 millóns de euros)

Outras transferencias

> Derivadas de Convenios e Subvencións en diferentes eidos

> Carácter **FINALISTA**

> O importe total ascende a **261,6 millóns de euros**

Fondo adicional e complementario



Reparto fondo base FCL por comarcas



Comarca	Provincia	Nº Concellos	Poboación	Importe
1 Arzúa	A Coruña	4	16.351	1.083.212
2 Barbanza	A Coruña	4	66.405	2.392.869
3 Barcala (A)	A Coruña	2	10.382	600.354
4 Bergantiños	A Coruña	7	67.173	3.072.466
5 Betanzos	A Coruña	10	38.011	2.185.094
6 Coruña (A)	A Coruña	9	400.995	11.464.368
7 Eume	A Coruña	5	24.639	1.322.481
8 Ferrol	A Coruña	11	153.581	5.089.001
9 Fisterra	A Coruña	5	21.631	1.203.256
10 Muros	A Coruña	2	12.726	632.967
11 Noia	A Coruña	4	33.312	1.483.983
12 Ordes	A Coruña	7	36.583	1.960.228
13 Ortegal	A Coruña	4	12.238	995.095
14 Santiago	A Coruña	7	167.142	6.057.748
15 Sar (O)	A Coruña	3	15.741	798.833
16 Terra de Soneira	A Coruña	3	17.041	947.221
17 Terras de Melide	A Coruña	4	12.003	807.707
18 Xallas	A Coruña	2	13.397	789.724
19 Ancares	Lugo	6	10.019	1.261.561
20 Chantada	Lugo	3	13.389	842.001
21 Fonsagrada	Lugo	3	5.075	705.575
22 Lugo	Lugo	8	118.758	4.439.410
23 Mariña Central	Lugo	6	29.149	1.483.016
24 Mariña Occidental	Lugo	5	25.792	1.341.997
25 Mariña Oriental	Lugo	4	16.245	975.390
26 Meira	Lugo	4	5.125	597.598
27 Quiroga	Lugo	3	5.245	668.792

Comarca	Provincia	Nº Concellos	Poboación	Importe
28 Sarria	Lugo	7	22.735	1.587.007
29 Terra Chá	Lugo	9	40.336	2.909.766
30 Terra de Lemos	Lugo	6	30.370	1.855.474
31 Ulloa	Lugo	3	9.089	690.999
32 Allariz-Maceda	Ourense	6	14.089	1.161.620
33 Baixa Limia	Ourense	5	6.782	884.626
34 Carballiño	Ourense	9	26.576	1.913.529
35 Limia	Ourense	11	20.340	1.839.538
36 Ourense	Ourense	12	144.004	4.747.645
37 Ribeiro	Ourense	10	15.985	1.564.964
38 Terra de Caldelas	Ourense	4	2.842	591.526
39 Terra de Celanova	Ourense	10	17.433	1.710.743
40 Terra de Trives	Ourense	4	4.023	685.515
41 Valdeorras	Ourense	9	25.755	1.850.682
42 Verín	Ourense	8	25.653	1.818.485
43 Viana	Ourense	4	5.811	817.411
44 Baixo Miño	Pontevedra	5	49.646	1.788.830
45 Caldas	Pontevedra	7	34.067	1.543.445
46 Condado	Pontevedra	5	41.551	1.738.769
47 Deza	Pontevedra	6	40.063	2.514.665
48 Morrazo	Pontevedra	4	82.445	2.398.857
49 Paradanta	Pontevedra	4	12.259	878.878
50 Pontevedra	Pontevedra	8	125.032	4.082.642
51 Salnés	Pontevedra	9	109.715	3.945.543
52 Tabeirós-Terra de Montes	Pontevedra	2	24.112	1.352.489
53 Vigo	Pontevedra	11	422.882	10.297.210

TRANSFERENCIAS DERIVADAS DE CONVENIOS E SUBVENCIÓNS

Acción social e promoción social — **99.633.481 €**

Plan Concertado / Atención Dependencia / Servizos Sociais Comunitarios / Inclusión Social / Atención á infancia / Persoas maiores / Promoción Igualdade / Fomento Voluntariado / Xuventude / Plan Desenvolvemento Rural Sostible / Rede Galega de Atención Temperá / Pacto Estado violencia de xénero

Promoción do emprego — **53.718.354 €**

Programas Promoción do Emprego / Programas de formación / Axentes Desenvolvemento Local / Escolas Obradoiro / Fomento Cooperativismo / Fomento do emprego no medio rural

Dinamización económica do medio rural — **21.545.177 €**

Mellora camiños rurais / Implementación operación Leader / Mellora patrimonio natural

Actuacións e valoración do medio rural — **18.532.445 €**

Defensa e prevención incendios forestais

Administración Local — **12.516.773 €**

Servizos Locais básicos / Conservación do medio ambiente / Auxiliares de policía local

Turismo — **9.734.302 €**

Promoción e potenciación turismo / Fomento turismo medio rural / Mellora recursos turísticos entidades locais / Xacobeo 2021

Industria, enerxía e minaría — **6.732.871 €**

Parques empresariais / Proxectos biomasa

Infraestruturas — **6.400.000 €**

Estradas

Ordenación do territorio — **5.543.900 €**

Planeamentos urbanísticos / Plan Hurbe

Outras Transferencias a entidades locais — **4.945.862 €**

Gastos capitalidade Concello Santiago de Compostela / Consorcio promoción da música

Sanidade — **4.917.621 €**

Atención e prevención drogodependencias / Reforma centros saúde titularidade municipal

Cultura — **4.364.499 €**

Arquivos e museos / Infraestruturas interese cultural / Actividades promoción e difusión cultural / Patrimonio cultural / Bibliotecas

Actuacións ambientais — **3.642.700 €**

Espazos naturais / Impulso reciclaxe residuos sólidos domésticos

Vivenda — **3.050.000 €**

Actuacións materia de rehabilitación

Comercio — **1.730.000 €**

Equipamentos comerciais municipais

Deportes — **1.100.000 €**

Infraestruturas deportivas

Educación — **846.639 €**

Escolas e Conservatorios de Música / Transporte escolar / Convenio limpeza Centros Públicos Integrados (CPIs)

Xustiza — **815.908 €**

Gastos funcionamento xulgados de paz

Sociedade da información e do coñecemento — **802.775 €**

Desenvolvemento sociedade información Aulas CeMIT

Administración Xeral — **504.088 €**

Proxecto desenvolvemento entidades locais

Protección civil e seguridade — **300.000 €**

Convenio GES

Normalización lingüística — **245.000 €**

Fomento lingua galega

Programa | Importe | Liñas Financiables

Total **261.622.395 €**

Solta do Globo en Betanzos

800 Aniversario do traslado da cidade de Betanzos

Betanzos vístese de gala neste 2019 para conmemorar o oitavo centenario do seu cambio de emprazamento ao Castro de Untia. Por iso, este é o ANO DE BETANZOS.

Ata 1219, a vila asentábase en San Martiño de Tiobre, na marxe esquerda da ría, e onde aínda hoxe se conserva a denominación de "Betanzos O Vello". O cambio de situación, solicitado polos seus propios habitantes, respondería a cuestións principalmente económicas e estratéxicas, se ben algúns historiadores apuntan tamén á existencia de incentivos por parte da coroa, que cobizaba enclaves máis seguros para promover o comercio marítimo que, non en balde, acabaría converténdose nun dos motores do "novo" Betanzos.

A celebración do oitocentos aniversario do traslado de Tiobre a Untia está a ser un acontecemento co que o concello pretende evocar oito séculos de historia, convivencia e expansión, pero tamén unha oportunidade única para promover a cidade e dar a coñecer a súa cultura, as súas tradicións e os seus valores tanto en Galicia, como en toda España. Porque, ao fin, a historia de Betanzos é a historia de Galicia, a unha escala máis reducida pero cos mesmos trazos e con idénticos sinais, desde as orixes castrexas ata o papel revulsivo do Camiño de Santiago.

Para os betanceiros, dotados dun carácter enérxico e obstinado, este 800 Aniversario é tamén un motivo máis para sentirse orgullosos do que son e do que acadaron e tamén para, todos xuntos, ser quen de converter ese pasado nunha das claves do seu futuro; isto sen perder de vista un presente prometedor como un dos centros culturais máis importantes de Galicia. Estamos a falar dun tempo novo con grandes retos para Betanzos e no que a conservación do inxente patrimonio artístico e cultural herdado dos devanceiros serán, xunto coa protección do medio ambiente, os grandes protagonistas destes primeiros anos do século XXI.

Recoñecida como CIDADE dende 1465, a súa condición de CAPITAL irá sempre unida a BETANZOS. Efectivamente será o rei Henrique IV quen lle concederá o título de cidade en 1465, pero dous séculos antes era xa cabeceira administrativa dun amplo territorio ao leste de A Coruña. A partir de 1480 será tamén capital dunha das primeiras cinco provincias do Reino de Galicia, que pasarán de cinco a sete en tempos de Carlos V. E así continúa ata 1833, cando perde esa capitalidade mantendo a designación de capital do Partido Xudicial de Betanzos.

Pero Betanzos nunca perderá a súa vocación de capitalidade e será Capital do Gótico na Galicia do XIV e da Revolta Irmandiña no XV. Isto ocorre principalmente como consecuencia do interese e os privilexios de Fernán Pérez de Andrade, quen construirá tres igrexas e un mosteiro, ademais do seu propio sepulcro. Con estas construcións demostrou a súa capacidade e poder, e o papel principal de "mercadores", notarios e cabaleiros como Afonso de Carballido - único líder do movemento do que se ten imaxe e que se atopa en Betanzos- Xoán Branco ou Alonso de Lanzós.

Betanzos é ademais pioneira por moitas razóns, xa que nela non só naceu o banco máis antigo de España, o Etcheverría, senón que nela continúa unha das farmacias máis antigas do Estado- a do Doutor Couceiro- o establecemento comercial máis antigo de Galicia, e que neste ano celebra tamén o seu trescentos aniversario sempre nas mans da mesma familia e na mesma localización na Rúa dos Prateiros. E o Alfonsetti, que volve a contar con programación estable desde hai unhas semanas, foi ata o seu peche o cine en funcionamento máis antigo de

Alcaldes/esas no acto inaugural

Carlos Núñez

España. Nel, da man de Claudino Pita, "inventor" do Globo de San Roque - o aeróstato de papel máis grande do mundo e o emblema máis internacional de Betanzos -, realizáronse as que puideron ser as primeiras proxeccións cinematográficas de Galicia; o mesmo Alfonsetti que acolleu a presentación pública da Irmandade da Fala de Betanzos.

Tamén en Betanzos se empregou por primeira vez a lingua galega nun mitin, da man de Manuel Lugrís en 1907 nun acto do Sindicato Solidaridad Gallega celebrado nun dos cantóns da praza que hoxe leva o nome dos Irmáns García Naveira. Eles, Juan María e Jesús, actores principais do progreso de Betanzos, foron indianos que fixeron fortuna en América e procuraron para a súa cidade natal o que, aínda que hoxe podemos considerar servizos básicos, fai cen anos era case un luxo ao alcance duns poucos: estamos a falar de educación, asistencia social, hixiene e cultura, da man de escolas, asilos, centros para discapacitados e lavadoiros públicos. Pero a máis coñecida das obras dos dous irmáns é El Pasatiempo, que está considerado o primeiro parque temático de España. Un espazo sen precedentes que urxe actuacións para evitar o avance do seu deterioro e recuperar parte do esplendedor dos primeiros anos do século XX.

Neste oitavo centenario do traslado, a cidade de Betanzos organizou un amplo programa de actos que se inaugurou o pasado 13 de febreiro, o mesmo día en que hai oitocentos anos o rei Afonso IX de León e Galicia, asinou o privilexio autorizando o traslado do Castro de Tiobre ao de Untia. O acto inaugural contou cunha apertura institucional, á que asistiron o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, o delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada de Azpiazu, o presidente da Deputación de A Coruña, Valentín Formoso, e o vicepresidente executivo da Fegamp, Manuel Mirás, ademais de outras personalidades autonómicas, provinciais e municipais.

Un concerto de Carlos Núñez na igrexa de San Francisco puxo o broche á primeira das xornadas deste calendario, que se completou coa interpretación de obras de Pepito Arriola –o compositor betanceiro máis internacional nacido no século XIX– e a posta en escena da Danza de Xastres, o gremio máis antigo dos cinco que tivo a cidade. Pero será ao longo de 2019 cando por primeira vez en decenios, se interpretarán as catro danzas gremiais que se conservan: Xastres, Mariñeiros, Labradores e Zapateiros; esta última, recuperada ex profeso con motivo da celebración do aniversario.

A programación do centenario vaise estender polo tanto ao longo de 2019 e para os próximos meses están previstos máis concertos como os da Orquesta Sinfónica de Galicia, o da Orquesta Gaos e o de Rosa Cedrón acompañada da Banda Municipal de Música de Betanzos. Así mesmo, pódese visitar a exposición "Oito séculos en oito obxectos", instalada no adro de San Domingos, e na que se recollen en oito paneis, con fotografías e textos informativos do percorrido de Betanzos nestes oito séculos (1219-2019). Tamén se levará a cabo unha edición especial de Balconadas ao longo deste ano.

En calquera caso, os betanceiros, memoria viva e valedores extraordinarios da súa cidade, son o máis grande de Betanzos. Homes e mulleres que durante estes oito séculos conformaron o que hoxe é a Cidade dos Cabaleiros, que tamén é terra de grandes emprendedores, de comerciantes, artistas e políticos; de mariñeiros, labradores e artesáns; de cidadáns anónimos de valía incalculable e servidores públicos recoñecidos en Europa e América. Eles e elas reivindicaron a súa historia e os seus valores por todo o mundo, polo vello continente e alén do mar, onde levantaron "pequenas" Betanzos, á imaxe e semellanza da que sempre levaron no seu corazón, como a que aínda salvagarda con orgullo o Centro Betanzos de Bos Aires, decana das entidades da colectividade galega na Arxentina.

Así pois, Betanzos brilla con luz propia como unha das cidades que ao longo da súa historia axudaron e seguen a axudar a facer Galicia.

Acto inaugural

Transformación dixital: está Galicia preparada?

O primeiro proceso histórico transformador da sociedade aconteceu entre 1769 e 1830 e foi o paso da produción manual á mecanizada. Posteriormente, ao redor de 1850 veu o segundo, que introduciu a electricidade na produción permitindo así a fabricación en masa. Tívose que agardar até mediados do século XX para ver o terceiro cambio coa chegada da electrónica, das tecnoloxías da información, das telecomunicacións, e de Internet.

Na actualidade, as tecnoloxías de intelixencia artificial -asociadas aos macrodatos- preparan unha cuarta revolución que trastornará o equilibrio mundial: *Blockchain, Big Data, Machine Learning, IOT* e *AI,* entre outros moitos termos, forman parte desta cuarta transformación. Podemos observar a rapidez coa que se propaga este cambio comparando o tempo que determinadas tecnoloxías tardaron en chegar aos 50 millóns de usuarios: sabemos por exemplo que o teléfono tardou 75 anos, a radio 38, a televisión 13, internet 4 e *Facebook* 2 anos; Instagram tardou 19 meses, *Youtube* 10 e *Twitter* 9 meses; por último xogos como *Angry Birds* tardaron 35 días e *Pokemon Go* só 19 días en chegar aos 50 millóns de usuarios.

A influencia que terá o cambio sobre os modelos de negocio e de emprego é tamén preocupante. De empresas con 20 anos de vida de media, agora non pasamos dos 20 meses de media polo que, aínda que demos coa tecla cun negocio innovador que funcione, non o fará probablemente despois dese tempo. Catro de cada dez empresas desaparecerán en 5 anos se non se adaptan á nova realidade. E nos modelos de emprego pasa o mesmo. Os dez empregos máis demandados hoxe en día non existían hai 10 anos, e soamente o 1 % dos traballos de principios do século XX se manteñen. A OCDE calcula que o 80 % de tipoloxías de traballo están en perigo de extinción. Remataron polo tanto os tempos nos que unha persoa tiña un traballo para toda a vida e hai que estar aberto á continua formación e adaptación ao que demande o mercado.

O cambio como vemos xa está aquí. Do 10 % de robots pasamos ao 40 % de implantación dos mesmos e o dato segue a subir. Entendamos aos robots non só como máquinas que fan traballos manuais, senón tamén intelectuais xa que, até o que parecía inabordable por eles- como por exemplo o mundo legal- está vendo a chegada dos contratos intelixentes programados por intelixencia artificial. Non de balde o *Test de Turing* xa foi pasado por unha máquina no 2014.

Esta cuarta transformación ven sendo como un *tsunami* xa que arrasa con todo o que ten por diante pero, aínda que con ese fenómeno natural non hai medidas previas posibles, pola contra, con esta transformación dixital, si dispoñemos de algo tempo para prepararnos. En Galicia parece existir unha certa preocupación por estar ao día, podendo atopar sinais do cambio nos grandes grupos como PSA, Inditex, Estrella Galicia e Calvo ou na aparición de distintas consultarías, pero aínda queda moito camiño por andar.

Polo tanto máis vale que adaptemos todas as políticas, a industria, as empresas, a formación e as capacidades individuais do noso tecido económico local ao cambio, ou o *tsunami* que chegará arrasará con todo o que coñecemos, incluídos os logros sociais e no noso benestar. Adaptarnos significa incorporar a Galicia a esta transformación e de seguro atoparemos o camiño para aproveitala e vela como unha oportunidade sen asustármonos, nin rexeitala.

Raúl Fernández Iglesias
Responsable TIC da Fegamp



19.

CONCELLO AO DÍA

Os concellos e a sostibilidade forestal

Os bosques constitúen un dos ecosistemas máis valiosos do planeta, xa que conteñen ao redor do 70 % da biodiversidade da Terra proporciónanlles refuxio a miles de especies de animais e emprego para centos de millóns de persoas.

Protéxennos dos perigos da erosión e das inundacións, e contribúen á mitigación do cambio climático ao capturar as árbores CO_2.

Os bosques provennos dun medio ambiente adecuado, fonte inesgotable de recursos: papel, madeira, cortiza, resina, cogomelos, castañas e moitos máis produtos.

Bosques de todo o mundo están baixo a presión da deforestación e unha inadecuada xestión polo que é necesario xestionalos de forma sostible e dar garantía diso.

PEFC é unha organización sen ánimo de lucro que promove a xestión forestal sostible mediante a certificación dos bosques e dos produtos forestais. A certificación forestal garante que os bosques están xestionados de acordo a uns esixentes requisitos ambientais, sociais, económicos e éticos, e permite a rastrexabilidade dos produtos, desde a súa orixe ata o produto final.

PEFC distingue co seu selo os produtos procedentes de bosques certificados.

¿Cómo podemos contribuír a sostibilidade forestal do planeta?

O propietario forestal público ou privado, certificando o seu monte:

Un monte certificado PEFC é aquel no que se realiza unha xestión forestal sostible, asegurando a súa **produtividade** a longo prazo, poñéndoo en **valor** e facilitando a venda de produtos forestais con garantías dunha xestión axeitada. O monte certificado fortalece o hábitat idóneo para a **biodiversidade**, a conservación dos solos, a regulación dos ciclos hidrolóxicos, a riqueza paisaxística e contribúe á loita contra o cambio climático, pola súa capacidade para actuar como **sumidoiro de carbono**. A certificación PEFC promove a conservación e mellora das condicións **socioeconómicas e culturais** da contorna natural, posibilitando un **freo ao abandono do rural.**

Os concellos poden fomentar e divulgar entre os veciños os beneficios da certificación dos montes.

A industria forestal, certificando a cadea de custodia:

Todas aquelas empresas que fabriquen, procesen, comercialicen ou distribúan madeira ou produtos forestais poden obter a certificación de cadea de custodia PEFC. Esta certificación permite a rastrexabilidade dos produtos forestais, desde a súa orixe ata o produto final, ofrecendo unha opción responsable aos clientes e cumpriren así coas demandas de sostitibilidade dos mercados demostrando o seu compromiso coa subministración responsable de produtos forestais.

Os concellos poden incluír a certificación como criterio de valoración a través dos pregos de **condicións técnicas** dos contratos de obras, servizos e subministracións.

A Administración pública, uníndose ao RER:

Na Rede de Entidades Responsables coa sostibilidade forestal, intégranse entidades públicas e privadas que se comprometen a desenvolver un **plan de compras verdes** para a promoción dos produtos forestais de **orixe local** e a establecer criterios de sostibilidade nos procedementos de contratación de produtos como papel, cartón, sobres, adhesivos, embalaxes, caixas, carpintería interior e de rehabilitación de edificios, mobiliario urbano e de oficina, parques infantís, etc.

Como consumidor

Elixindo produtos certificados PEFC, tes garantía da súa procedencia e promoves a xestión sostible dos bosques. **Busca o selo PEFC.**

Emprega madeira PEFC. É un material renovable, reciclable, biodegradable, resistente, flexible, lixeiro, duradeiro, baixo consumo enerxético nos procesos de transformación, almacén de carbono.

Utiliza envases e embalaxes sostibles de papel ou cartón co selo PEFC. Recíclanse e non prexudican a biodiversidade nin os bosques do planeta.

Usa papel certificado no traballo e no tempo de lecer.

Moda sostible. O uso de tecidos de orixe forestal contribúe a un menor consumo de auga, enerxía e xera menos emisións de CO_2.

O **PEFC Galicia** ofrece colaboración aos concellos para a implantación do RER e a desenvolver calquera iniciativa relacionada coa sostibilidade forestal.

Primeiros pasos da mesa de residuos

O pasado 5 de febreiro tivo lugar a primeira Mesa de Residuos na sede da Confederación de Empresarios de Galicia, en Santiago de Compostela e na que a Fegamp está a participar a través do noso vicepresidente, Alfonso Villares, que estivo presente na inauguración xunto coa directora xeral de Calidade Ambiental, Mª Cruz Ferreira.

Esta Mesa enmárcase no estudo do sistema actual de xestión dos residuos orgánicos na Entidades Locais que está a desenvolver a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O obxectivo principal da Mesa de Residuos é analizar a situación actual e futura da xestión de biorresiduos de competencia municipal en Galicia, nun horizonte temporal 2022.

Un dos obxectivos principais é determinar cal é a mellor alternativa para a xestión da fracción orgánica en cada un dos 313 concellos galegos. En concreto, diagnosticaranse as necesidades de implantación do quinto contedor, posta en marcha de plantas de compostaxe locais e comarcais, ou a elaboración de plans intermunicipais para a xestión dos biorresiduos.

Está previsto que a Mesa de Residuos volva reunirse a primeiros de marzo, para estudar as posibles alternativas de xestión do biorresiduos (5º contedor, compostaxe comunitaria e doméstica), e tamén a finais de marzo, onde se abordará o financiamento e se fará unha análise económica de cada alternativa.

Seminario sobre a axenda urbana española

O presidente da Fegamp, Alfredo García, acudía o 5 de febreiro o ao acto de presentación do Seminario AXENDA URBANA ESPAÑOLA organizado pola FEMP, o Ministerio de Fomento e o concello da Coruña, e que tivo lugar en Palexco na cidade coruñesa.

Con esta axenda preténdese facer un diagnóstico da realidade urbana e rural en España, tendo en conta 10 áreas temáticas que foron elixidas pola súa incidencia sobre os temas urbanos como poderían ser o modelo de cidade, o territorio, a mobilidade ou a vivenda.

Tamén se define un Decálogo de obxectivos prioritarios e unha listaxe de accións para conseguilos.

Os obxectivos estratéxicos propostos son os seguintes:

1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do chan, conservándoo e protexéndoo.
2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.
3. Previr e reducir os efectos do cambio climático.
4. Xestionar de forma sustentable dos recursos e favorecer a economía circular.
5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sustentable.
6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade.
7. Impulsar e favorecer a economía urbana.
8. Garantir o acceso á vivenda.
9. Liderar e fomentar a innovación dixital.
10. Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernabilidade.

O presidente da Fegamp, centrou a súa intervención no acto inaugural do seminario, na importancia das poboacións intermedias de entre 10.000 e 20.000 hab. (como as cabeceiras comarcais) como motor do cambio e correa de transmisión dos obxectivos da axenda; para isto reclamou máis financiamento dos fondos europeos para que estes territorios podan liderar o cambio.

Queda activada a oficina técnica do pacto de alcaldes

A Fegamp foi invitada a participar no mes de xaneiro, no edificio da lonxa do concello de Ribeira, á presentación da Oficina Técnica para o Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía, un compromiso adquirido en 2017 pola consellería de Medio Ambiente como entidade coordinadora do pacto.

Á presentación acudiu o vicepresidente executivo da Fegamp, Manuel Mirás, e na súa intervención invitou aos concellos a empregar esta nova ferramenta como apoio para achegarse paulatinamente ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) nos seus territorios.

BOE Nº: 33 / XOVES, 7 DE FEBREIRO DE 2019

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Extracto da Resolución 29 de xaneiro de 2019 da Dirección da Fundación Biodiversidade F. S. P., pola que se aproba a publicación da Convocatoria de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento e impulso da sustentabilidade pesqueira e acuícola, no marco do Programa pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) en 2019. ***BDNS (Identif.): 437126.***

OBXECTO

O Programa Pleamar pretende reforzar a sustentabilidade do sector pesqueiro e acuícola español, impulsando a colaboración entre organizacións e institucións públicas e privadas que comparten o obxectivo de preservar os ecosistemas mariños e as actividades sustentables que neles desenvólvense.

BENEFICIARIOS

Entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente, con personalidade xurídica propia e que teñan sede en España.

DOTACIÓN

A dotación máxima global da convocatoria é de ata 5.100.000€. O importe máximo solicitado por proxecto será de entre 50.000€ e 800.000€ segundo os distintos eixos.

Prazo: 08/02/2019 – 12/04/2019 (14:00 horas)

O texto completo da convocatoria, así como o resto da información relevante do proceso estará publicado na páxina web da Fundación Biodiversidade, www.fundacion-biodiversidad.es

BOE Nº. 33 / EXTRACTO e BOE Nº. 25 (29/01/2019) – BASES REGULADORAS

Na Base de datos nacional de subvencións (**BDNS Identif.: 437126**).

BOE Nº: 30 / LUNS, 4 DE FEBREIRO DE 2019

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Extracto da Resolución 29 de xaneiro de 2019 da Dirección da Fundación Biodiversidade, F. S. P., pola que se aproba a publicación da Convocatoria de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos do "Programa empleaverde", cofinanciado polo Fondo Social Europeo en 2019. ***BDNS (identif.): 437146.***

OBXECTO

Apoio a proxectos que fomenten a creación e mellora do emprego e empresas e o impulso do emprendemento, a innovación social e o intercambio de experiencias no marco dunha economía verde e azul.

BENEFICIARIOS

Entidades públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente, con personalidade xurídica propia e que teñan sede en España.

DOTACIÓN

A dotación máxima global da convocatoria é de ata 9.410.000 €. O importe mínimo solicitado por proxecto será de 100.000 € e o máximo de 300.000 €.

Prazo: 05/02/2019 – 30/04/2019 (14:00 horas).

O texto completo da convocatoria, así como o resto da información relevante do proceso estará publicado na páxina web da Fundación Biodiversidade, www.fundacion-biodiversidad.es
BOE Nº. 30 – EXTRACTO e BOE Nº. 25 (29/01/2019) – BASES REGULADORAS.
Na Base de datos nacional de subvencións (BDNS Identif.: 437146).

MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Constitúe o obxecto do presente real decreto a regulación do procedemento para a concesión directa de subvencións a proxectos singulares que faciliten o paso a unha economía baixa en carbono no ámbito das Entidades locais españolas, con cargo aos fondos FEDER incluídos no Eixo 4 de Economía Baixa en Carbono do Programa Operativo plurirrexional de Crecemento Sustentable (POCS) para o período 2014-2020.

2. A finalidade das devanditas subvencións é incentivar e promover a realización de actuacións, por parte dos municipios españois de menos de 20.000 habitantes ou agrupacións formadas por municipios de menos de 20.000 habitantes pertencentes a unha mesma Comunidade Autónoma, ademais das Cidades de Ceuta e Melilla, que reduzan as emisións de dióxido de carbono mediante a execución de proxectos singulares de aforro e eficiencia enerxética, mobilidade urbana sustentable e uso das enerxías renovables, conforme ao disposto no Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020.
   - Obxectivo Específico: OE 431. Eficiencia enerxética na edificación e nas Infraestruturas e servizos Públicos.
   - Obxectivo Específico: OE 451. Mobilidade urbana sustentable: Transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras rede viaria, transporte ciclista e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.
   - Obxectivo Específico: OE 432. Aumentar o uso das enerxías renovables para produción de electricidade e usos térmicos en edificación e en infraestruturas públicas, en particular favorecendo a xeración a pequena escala en puntos próximos ao consumo.

Prazo: MODIFICACIÓN (publicada no BOE Nº: 314 - 29/12/2018)

Queda redactado como segue: « b) Que se chegue ao 30 de xuño de 2019 sen cursarse solicitudes suficientes para esgotar o orzamento dispoñible.»

Texto completo:

No BOE Nº: 144 (17/06/2017) e BOE Nº. 314 (29/12/2018)

No Instituto para la Diversificación y ahorro de la Energía (IDEA): www.idae.es

Máis información:

www.fegamp.gal/novas/axudas-e-subvencions

Medio ambiente, saúde e turismo sostible: o meu compromiso cos concellos galegos

"Hai que sumar esforzos por parte de toda a sociedade, xa que o aire que respiramos, a auga que bebemos, os alimentos que inxerimos, o solo no que residimos e a paisaxe que contemplamos, non teñen nin cor político nin económico nin raza nin relixión"

Dada a estreita relación que manteño cos concellos galegos tras tres décadas de intensa labor desenvolvida no ámbito local, cando recibín a invitación da Fegamp para escribir un artigo na Revista CG , pensei que a mellor maneira de facelo era relatar algúns deses feitos e reflexionar sobre algunhas das cuestións ambientais que máis preocupan aos concellos.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos en mellorar a xestión ambiental, púxose en marcha en Galicia no ano 2000 o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020.** No seu periplo itinerante pola xeografía galega contou coa participación de **256 concellos galegos** e **6.400** ambientalistas, nos 60 Cursos de Saúde Ambiental realizados. Recordo de forma moi agradable o paso por A Cañiza, A Coruña, A Estrada, Allariz, Arteixo, Baiona, Betanzos, Burela, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Carballo, Chantada, Castro Caldelas, Celanova, Cospeito, Ferrol, Foz, Guitiriz, Lalín, Lugo, Monforte de Lemos, Narón, Noia, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, O Grove, O Porriño, Ordes, Ourense, Padrón, Palas de Rei, Ponteareas, Pontedeume, Pontevedra, Ribadavia, Ribadeo, Ribeira, Santiago de Compostela, Silleda, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilalba, Viveiro e Xinzo de Limia, que acolleron esta iniciativa ambiental –pioneira e única no seu xénero– que me permitiu o privilexio de coñecer a fondo Galicia e aprender a querer con paixón a nosa terra e as súas xentes. Tras dúas décadas de labor desenvolvida, mantemos o noso compromiso e vocación de servizo público coa sociedade galega, e boa proba disto é a celebración do *VIII Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde & Turismo Sostible no Salnés – LXI Curso de Saúde Ambiental,* entre os días 26 e 28 de marzo de 2019.

Algúns dos problemas ambientais de carácter global e local que máis preocupan aos concellos galegos

As avaliacións de carácter ambiental máis recentes indícannos que a forma en que usamos os recursos naturais é insostible, o cal ven a dicirnos que estamos consumindo máis recursos naturais dos que o planeta pode producir. Os efectos acumulativos que causa a actividade humana deterioran a nosa saúde, a do planeta, e a súa capacidade para abastecernos. Hai que apostar polo modelo de economía circular que garanta o futuro do medio ambiente. As relacións entre economía e ecoloxía non teñen porqué ser conflitivas si se destinan suficientes recursos e se adoptan as medidas preventivas oportunas, xa que dispoñemos de instrumentos de xestión ambiental e tecnoloxías de saneamento, e é posible facer compatible o desenvolvemento coa protección do medio ambiente e a saúde.

Os problemas ambientais dos que estamos a falar son diversos:

A **contaminación do aire** e o **cambio climático** son as dúas caras da mesma moeda. Prodúcense ao ano máis de 8 millóns de mortes prematuras no mundo por exposición á contaminación do aire polo que é preciso desenvolver sistemas de monitoraxe da calidade do aire e contar con rexistros de saúde para mellorar a vixilancia de todas as enfermidades vinculadas a este tipo de contaminación. O cambio climático é unha consecuencia do quecemento global provocado pola emisión de gases de efecto invernadoiro, e temos que estar preparados para afrontar as posibles consecuencias coma o impacto da variación do clima nas persoas, establecendo una estratexia adecuada, sobre todo nas poboacións costeiras que serán as máis ameazadas. Aspectos como a planificación enerxética, a planificación urbanística ou a mobilidade verde, serán algunhas das claves a ter en conta para adiantarnos aos acontecementos e minimizar na medida que sexa posible as súas consecuencias. Os concellos galegos deben sumarse ao Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía para avanzar neste eido.

A **contaminación acústica** constitúe tamén un problema sanitario e social de primeira orde contra o que hai que loitar para que sexamos capaces de manter os niveis de ruído ambiental nunhas marxes tolerables. Coa finalidade de minimizar os riscos e evitar que repercutan negativamente na saúde da poboación, debemos elaborar mapas sonoros xunto coa posta en marcha das medidas correctoras oportunas. Non obstante, hai que ter en conta que debido á multitude de fontes sonoras que existen nas cidades, resulta en mitos casos unha utopía cumprir coas recomendación da OMS de 55 dB como nivel máximo de ruído ambiental diúrno. – pioneira e única no seu xénero–

A presenza de **gas radón** –un gas radiactivo– en solos graníticos e os riscos que supón para a saúde das persoas, deixan á vista a necesidade de adoptar tamén as medidas necesarias para previr a súa incidencia no cancro de pulmón.

A **xestión do ciclo integral da auga** será un dos grandes piares para o desenvolvemento sostible no século XXI. A crecente presión que supón a demanda de auga de boa calidade –e en suficiente cantidade para todos os usos– esixe un considerable esforzo por parte das administracións implicadas na xestión de infraestruturas de saneamento e abastecemento de augas. Máis inversións en infraestruturas e servizos, un mantemento adecuado das ETAPs e EDARs, ou destinar máis recursos e un maior control por parte da administración, poden ser as claves para o futuro.

A **xestión integral dos residuos** tamén ten que deixar de ser un problema a converterse nunha oportunidade, é dicir, a finalidade debe ser transformar os residuos en recursos. É necesario impulsar a recollida selectiva e propiciar a participación cidadá para unha boa separación en orixe, coa finalidade de incrementar a redución, a reutilización e a reciclaxe. Ademais, aquelas fraccións que non sexan aptas para a reciclaxe, poderán someterse a unha incineración controlada, elixindo a mellor tecnoloxía dispoñible que sexa economicamente accesible e provista de esixencias para protexer o medio ambiente e a saúde pública.

Para camiñar cara un **urbanismo sostible**, é necesario deixar atrás o *feísmo* e os desmáns urbanísticos, e buscar o equilibrio no aproveitamento urbanístico, xunto coa mobilidade sostible ou a integración na paisaxe. Tamén se deberán xestionar axeitadamente os parques empresariais para minimizar o seu impacto ambiental e sanitario sobre a poboación, entre outras accións.

O que está claro é que Galicia ten un patrimonio natural inmenso cunha gran riqueza que é preciso protexer e conservar. Hai que dedicar os recursos necesarios para afrontar con garantías a resolución dos problemas ambientais, que permitan un desenvolvemento sostible e equilibrado, e que teña como obxectivos a protección da flora e a fauna, dos alimentos, das materias primas, do hábitat, do patrimonio natural e cultural, etcétera, que condicionan e sustentan a vida no noso planeta.

Pensar globalmente e actuar localmente, a través dunha política ambiental eficaz de carácter preventivo e integrada na política socioeconómica, é o camiño a seguir. O patrimonio natural galego constitúe un piar de apoio fundamental de cara a fomentar o turismo sostible e de calidade como unha das potencialidades da nosa terra, e que ten como buque insignia o Camiño de Santiago e o fenómeno da peregrinación xacobea. Pero son coñecedor de que os concellos teñen cada vez máis competencias ambientais e escasos recursos dispoñibles para afrontalas, polo que é necesario achegar máis recursos ao poder local para cumprir coas esixencias que demanda a sociedade. Que así sexa.

¡Sempre por Galicia e a favor da saúde ambiental do planeta e a igual dignidade de todos os seres humanos!

Con gratitude e amizade,

Prof. Dr. Francisco Peña
Fundador Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020
www.medioambienteysalud.com

ENTROIDO GALEGO

O Entroido de Xinzo de Limia declarado de Interese Turístico Internacional

Desde a Fegamp queremos felicitar ao concello de Xinzo de Limia polo recente nomeamento do seu Entroido como Festa de Interese Turístico Internacional segundo foi publicado no BOE do pasado 12 de febreiro. A Secretaría de Estado de Turismo outorgou o selo a vila limiá tras estudar toda a documentación presentada polo concello e tras anos de traballo municipal.

Xinzo de Limia convértese así no primeiro Entroido galego en recibir esta distinción e na primeira festa da provincia de Ourense en recibir tamén a distinción internacional.

Os personaxes do Entroido en Galicia

Con motivo da recente celebración do Entroido queremos facer un repaso por algúns dos personaxes máis característicos desta celebración en Galicia. En xeral, a súa labor é achegar a todo o mundo a celebración da festa e que ninguén quede apartado da mesma e sobre todo, que ninguén vaia sen disfrazar.

Sabemos que son moitos máis pero aquí deixamos unha mostra de 10 personaxes imprescindibles do Entroido en Galicia:

1 Xinzo de Limia / As Pantallas / *Ourense*
O que máis caracteriza a estes personaxes son as vexigas de vaca que levan nas mans e coas que asustan ao público. Se atopan a unha muller sen disfrazar bailarán arredor dela; se é un home, levarano ata a taberna máis preta en brazos para que invite a viño.

2 Verín / Os Cigarróns / *Ourense*
A súa caracterización remóntase ao século XVI e a tradición di que a súa orixe provén dun recadador de impostos dos Condes de Monterrei ao que o pobo non tiña demasiado apego.

3 Laza / Os Peliqueiros / *Ourense*
A súa vestimenta pode chegar a pesar ata 25 quilos coa que percorren as rúas de Laza, coas chocas na cintura, azoutando coa zamarra a quen teña a ousadía de acudir sen disfrazar.

4 Maceda / Os Felos / *Ourense*
Lonxe do medo que se lles tiña en tempos pasados deixou paso a unha figura que xoga con todo o mundo, que gasta bromas e que saúda con agarimo a todas as persoas coas que se atopa.

5 Viana / Os Boteiros / *Ourense*
A principal misión dos Boteiros é abrir paso ao 'folión' que fan dando saltos sobre a 'monca' ou vara de madeira coa que manteñen a raia aos veciños e visitantes da localidade.

6 Manzaneda / As Mázcaras / *Ourense*
A pesar do seu nome leva a cara descuberta e este elegante personaxe adoita ser un consumado bailarín que acompaña en todo momento o folión facendo do Entroido unha festa moi divertida.

7 Comarca do Ulla / Xenerais do Ulla / *A Coruña*
Estes aristócratas militares están inspirados nas loitas contra as tropas napoleónicas acontecidas na comarca do Ulla e empregan un ton humorístico para facer burla da guerra a través de batallas dialécticas.

8 Cobres / Madamas e Galáns / *Pontevedra*
Estes personaxes femininos e masculinos destacan pola ostentación da súa vestimenta, coa que percorren as rúas da zona levando a festa e o baile acompañados dunha gran charanga.

9 Salcedo / O Oso de Salcedo / *Lugo*
Un veciño da parroquia vístese cada ano con peles de animais simulando a figura dun oso e percorre as rúas xunto cos seus serventes asustando e embarrando a veciños e visitantes con cinza.

10 Pontevedra / O Loro Ravachol / *Pontevedra*
Conmemorando ao famoso e apreciado loro da botica da cidade que faleceu en 1913, creouse en 1985 esta orixinal recreación do velorio e o enterro do "Loro Ravachol" que aparece ataviado cada ano cun disfrace temático diferente.

As Pantallas 1 Cedida por *Asociación A Pantalla*
Cigarróns 2 Cedida por *Turismo de Galicia*
Peliqueiros 3 Cedida por *Turismo de Galicia*
Felos 4 Cedida polo *Concello de Maceda*
Boteiros 5 Cedida por *Turismo de Galicia*
Mázcaras 6 Cedida por *Turismo de Galicia*
Xenerais 7 Cedida por *Turismo de Galicia*
Madamas e Galáns 8 Cedida por *Turismo de Galicia*
Oso 9 Cedida pola *Asociación de veciños de Salcedo*
Ravachol 10 Cedida polo *Concello de Pontevedra*

FAIRWAY achega a maxia de todos os camiños ata Santiago

A feira FAIRWAY 2019, III Fórum do Camiño de Santiago, foi celebrada os días 10, 11 e 12 de febreiro no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela, reafirmándose como un espazo que aborda o fenómeno do camiño a nivel internacional e en toda a súa amplitude. Principalmente estaban presentes na feira aquelas empresas, organizacións, institucións ou destinos que buscaban dar a coñecer os seus produtos ou recursos vinculados ao Camiño de Santiago.

O vicepresidente executivo da Fegamp, Manolo Mirás, participou como representante pola Fegamp do Comité Organizador do Xacobeo 2021, e estivo presente na mesa de debate sobre o Xacobeo 2021 celebrada o luns 11 de febreiro dentro das actividades programadas para profesionais do sector.

O FAIRWAY establécese así como o punto de encontro necesario para dar consistencia ao produto turístico xerado en torno ás rutas a Santiago de Compostela. Unha iniciativa aberta e lanzada desde Santiago, que é sabedora de que os camiños que levan a esta cidade son tan importantes coma a fin da viaxe. FAIRWAY tamén é un marco para a creación de redes de traballo que tracen o futuro deste entorno patrimonio da humanidade, e que á súa vez equilibren os enfoques espiritual, relixioso e cultural coas ópticas turística e económica.

Conmemoración do 25 aniversario do Camiño Francés

O pasado 10 de decembro cumpríronse 25 anos da Declaración do Camiño Francés como Patrimonio Mundial, unha designación que coincidiu coa celebración do Xacobeo 1993. Na cidade de Santiago de Compostela tiveron lugar diferentes actos para conmemorar esta data, entre eles a colocación dunha placa conmemorativa na praza do Obradoiro, a exposición de fotografía «Fotos dos XXV Anos da Declaración do Camiño Francés en España» situada no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC), onde tamén se celebrou o evento ao que a Fegamp foi invitada a participar. Aos actos conmemorativos desta data acudiron, entre outras autoridades, o presidente da Xunta de Galicia, o alcalde de Santiago, o presidente do Parlamento ou o arcebispo da cidade. Desde que o 10 de decembro de 1993 o camiño Francés foi declarado Patrimonio Mundial, e para dar conta deste camiño en cifras, o presidente da Xunta ofreceu o dato: desde 1993 un total de 3.6 millóns de persoas elixiron esta ruta para chegar a Santiago, avalando desta forma o éxito do mesmo.

Reunión dos voceiros da Fegamp co Conselleiro de Cultura

No mes de xaneiro o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, xunto con outros responsables do departamento de cultura da Xunta de Galicia, reuníase coa xunta de voceiros da Fegamp formada polo seu presidente, Alfredo García, xunto co vicepresidente, Alfonso Villares, o vicepresidente segundo, Evencio Ferrero, o vicepresidente executivo, Manuel Mirás, e o voceiro da Fegamp, Benito Portela.

A cita celebrouse para tratar diferentes temas competencia da consellería de Cultura cos membros da Federación e, entre outras cuestións, os asuntos a tratar xiraron en torno a planificación de estratexias que contribúan a poñer en valor o papel clave que terán os concellos de cara so vindeiro Xacobeo 2021. Na reunión aproveitouse tamén para traballar no establecemento doutras liñas de traballo en materia de cultura e turismo na cita, o concelleiro de Cultura informou tamén aos voceiros da Federación das liñas de axudas e subvencións que están en marcha para dinamizar os camiños a Santiago e as actividades lúdicas, culturais ou deportivas que se poñan en marcha.

O Fondo Galego arrinca 2019 con 100 administracións locais socias

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade iniciou 2019 cun cento de administracións locais e provinciais socias, logo de sumar no último ano as altas de Muros, Cariño, Guitiriz, Viana do Bolo, As Neves e Bueu. Achegando unha cota anual proporcional á súa poboación, os concellos e deputacións que fan parte desta rede contribúen ao impulso de proxectos de desenvolvemento en países do Sur e á concienciación da súa veciñanza fronte as desigualdades.

En 2018, uns setenta municipios acolleron algunha das actividades de sensibilización a prol dos Dereitos Humanos ofertadas polo Fondo Galego, que van desde teatro e obradoiros ata exposicións e concertos. Outras realidades, a loita contra a pobreza e a exclusión, a equidade de xénero ou as persoas migrantes e refuxiadas son algunhas das temáticas que se abordaron a través destas accións, que chegaron a milleiros de persoas.

En canto aos proxectos de cooperación internacional, o Fondo Galego deulle continuidade ás dúas iniciativas impulsadas en Mozambique, unha para previr doenzas e adiccións na mocidade a través do deporte e outra para garantir o abastecemento de auga nun municipio rural. Ademais, está a apoiar a ONGD galegas en Guatemala, Honduras e Guinea-Bissau, alén de participar nunha proposta europea para consolidar o proceso de paz en Colombia.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade continuará promovendo estas e outras accións ao longo do novo ano, no que tocará renovar a Comisión Executiva tras as eleccións municipais. No entanto, a planificación estratéxica seguirá encamiñada cara a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU. Neste senso, 2019 empezou xa con forza, pois en xaneiro o presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, participou no II Congreso Internacional Think Europe 2030, en calidade de presidente da Confederación de Fondos a nivel estatal.

Ademais, a finais de mes celebráronse nos concellos de Cambre, Barro, Ourense e mais na Deputación de Lugo os encontros da Rede Municipalista Solidaria, integrada por persoal de cada unha das entidades socias do Fondo Galego. Máis de 40 administracións locais e provinciais enviaron representación técnica e/ou política ás xuntanzas, nas que se fixo balance do Plan de Actividades 2018 e se perfilaron as accións para 2019. Ademais, contamos co testemuño do encargado de formación docente na Fundación Pedro Poveda, Jorge Monroy, quen expuxo os resultados do proxecto executado canda InteRed en Guatemala para promover unha educación integral en sexualidade.

Asinado:
Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

1 O Fondo Galego segue a apoiar proxectos de cooperación ao desenvolvemento en Mozambique. FOTO: Adrián Irago.
2 As actividades de sensibilización chegaron a uns setenta municipios de toda Galicia en 2018.
3 Máis de corenta administracións locais participaron nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria.

Próximas xornadas

Xornada a transparencia na administración local de Galicia: actualidade xurídica e práctica

Data: 15 de marzo de 2019.
Lugar: Salón de actos. Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo. R/ Concepción Arenal, 8 - 36201 Vigo.
Horario: 10:00 a 14:00 horas.
Destinatarios/as: Esta xornada está principalmente dirixida a secretarios/as, interventores/as e tesoureiros/as, empregados/as públicos en xeral, así como cargos electos da administración local e interesados en xeral.
Inscrición: Formulario de inscrición na web da Fegamp na sección ACTIVIDADES E EVENTOS. Prazo de inscrición aberto ata o 12 de marzo de 2019. Aforo limitado.

– – –

A Fegamp, en colaboración coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Dirección Xeral de Administración Local, organiza esta xornada coa pretensión de actualizar os coñecementos do persoal da administración local en materia de transparencia xa que a xestión pública local está sometida nos últimos anos a múltiples cambios normativos e novidades nas dinámicas de funcionamento. Isto require unha constante actualización e coñecemento das novidades que teñen un nexo común e transversal: a transparencia e a apertura dos gobernos.

En concreto, con esta xornada preténdense acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Examinar as dificultades e solucións para facilitar o exercicio do dereito de acceso á información pública no ámbito local.
- Dotar aos asistentes das ferramentas necesarias para cumprir as obrigas legais de transparencia co Portal de Transparencia Local de Galicia.
- Coñecer as novidades en materia de transparencia e publicidade electrónica introducidas pola nova normativa en materia de contratos do sector público.
- Afondar na configuración das obrigas da Secretaría municipal en materia de transparencia tras o Real Decreto 128/2018, polo que se regula no réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local coa habilitación de carácter nacional.
- Coñecer as novidades en materia de protección de datos, e as distintas e múltiles interaccións normativas entre a transparencia e a normativa sobre protección de datos (RGPD-LOPD).

III Xornadas de Xestión Deportiva para Pequenos e Medianos Municipios

Data: 20 de Marzo de 2019.
Lugar: Salón de Actos da Escola Galega de Administración Pública (Santiago de Compostela).
Destinatarios/as: Esta xornada está principalmente dirixida a técnicos/as de deportes municipais e empregados/as públicos en xeral, así como cargos electos da administración local e interesados/as en xeral.
Inscrición: Participación gratuíta mediante invitación de AGAXEDE e a FEGAMP, que se recibirá por correo electrónico.

– – –

A xornada está organizada pola Fegamp xunto coa Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE) e en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, a Escola Galega de Administración Pública, a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela.

En concreto, con esta xornada preténdense acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Analizar o Plan Estratéxico como ferramenta para mellorar a xestión dos servizos deportivos locais.
- Coñecer cal debe ser o contido fundamental dun programa electoral en materia deportiva municipal.

VIII Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde & Turismo sostible no Salnés / LXI Curso de Saúde Ambiental

Datas e lugar: en Cambados os días 26 e 27 de marzo, e en Sanxenxo o 29 de marzo de 2019
Destinatarios/as: este congreso está principalmente dirixido a empregados/as públicos/as con relación coa xestión medioambiental, así como cargos electos da administración local e persoas interesadas no medio ambiente e turismo sostible en xeral.
Inscrición: info@medioambienteysalud.com

– – –

A temática do congreso centrarase en catro grandes bloques temáticos: Cambio Climático, Economía Circular, Problemática ambiental e social da Ría de Arousa, e Patrimonio natural e turismo sostible. O congreso contará coa participación dun cento de ambientalistas e de 40 expertos de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos de actuación procedentes de América, Portugal, España e especialmente de Galicia.

Ademais terán lugar unha serie de visitas prácticas como á Ruta do Viño Rías Baixas, unha Ruta de Turismo Verde "Árbores monumentais e Singulares", ou unha viaxe en catamarán pola ría de Arousa, que poñerán en valor algúns dos recursos máis recoñecidos da comarca do Salnés.

28.

AXUDAS E SUBVENCIÓNS

DOG Nº. 245 / MÉRCORES, 26 DE DECEMBRO DE 2018

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo, da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. ***BDNS (Identif.): 430510.***

OBXECTO

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, en relación coa medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) e con cargo ás anualidades 2019 e 2020, as subvencións que se corresponden coa submedida 19.2 do PDR, Apoio para a realización de operacións conforme as estratexias de desenvolvemento local participativas dos grupos de desenvolvemento rural.

ENTIDADES BENEFICIARIAS

a) As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
b) As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
c) As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

CONTÍA

A contía global da convocatoria é de 6.605.980,00 € para a anualidade 2019 e 9.908.970,00 € para a anualidade 2020. Este crédito está cofinanciado nun 75 % polo Feader e o seu importe está distribuído entre os grupos de desenvolvemento rural seleccionados no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

As persoas beneficiarias poderán solicitar un anticipo de ata un importe máximo do 50 % da subvención concedida.

Prazo:

1ª Convocatoria: 31/03/2019
2ª Convocatoria: 31/05/2019

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o período de execución da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, coa data límite que determine cada GDR en función da dispoñibilidade de fondos.

Concorrerán a unha primeira convocatoria as solicitudes presentadas ata o **31 de marzo de 2019**. Unha vez tidas en conta as solicitudes presentadas ata o 31 de marzo de 2019 e unicamente no caso de existir crédito orzamentario dispoñible, poderá realizarse unha segunda convocatoria, tendo en conta as solicitudes presentadas ata o **31 de maio de 2019**.

Máis información:

Na páxina web da Agader: http://agader.xunta.gal

De xeito presencial, na Agader (lugar da Barcia, 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 73 62.

No Diario Oficial de Galicia (DOG. Nº. 245).

Na Base de datos nacional de subvencións (**BDNS identif.: 430510**) http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index

Na web da FEGAMP: http://www.fegamp.gal/content/subvencions-para-execucion-de-proxectos-ao-abeiro-da-submedida-192-apoio-operacions-conforme

DOG Nº. 25 / MARTES, 5 DE FEBREIRO DE 2019

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018 pola que se convocan as subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, para o exercicio 2019, con carácter plurianual. ***BDNS (Identif.): 437548.***

OBXECTO E FINALIDADE

Esta resolución ten por obxecto convocar, para o exercicio 2019, as subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal (código de procedemento VI422F).

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar as antigas vivendas de mestres, as doutros oficios e as demais edificacións da súa titularidade, co obxecto de que se destinen, en réxime de alugamento, á residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM). O procedemento de adxudicación destas vivendas é o establecido nas bases reguladoras.

CONCELLOS BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos de Galicia que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Contar con menos de 20.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes, publicadas polo Instituto

Galego de Estatística ata a data de publicación da presente convocatoria.

b) Contar cun número de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no seu concello cando menos igual ao de vivendas para as cales se solicita a axuda.

c) Ter cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio inmediatamente anterior ao ano desta convocatoria, no que o seu prazo de presentación estivese vencido.

d) Estar adherido ou en proceso de adhesión ao Convenio de colaboración asinado entre o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, Fegamp) para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 ou á norma que o substitúa.

CRÉDITO ORZAMENTARIO

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte distribución plurianual:

- Anualidade 2019: por importe de 761.135,62 euros.
- Anualidade 2020: por importe de 1.000.000 de euros.

Prazo: 06/02/2019 – 31/05/2019

O prazo para a presentación de solicitudes desta convocatoria comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e terminará cando se esgote a partida orzamentaria contida nesta convocatoria e, en todo caso, o día 31 de maio de 2019.

Máis información:

No Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

No Diario Oficial de Galicia (DOG. Nº. 25)

Na Base de datos nacional de subvencións (**BDNS identif.: 437548**) http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index

Na web da FEGAMP: http://www.fegamp.gal/content/subvencions-para-rehabilitar-antigas-vivendas-de-mestres-doutros-oficios-e-demais-1

DOG Nº. 25 / MARTES, 5 DE FEBREIRO DE 2019

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018 pola que se convocan subvencións do Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, para o exercicio 2019. ***BDNS (Identif.): 437847.***

OBXECTO E FINALIDADE

Esta resolución ten por obxecto convocar, para o exercicio 2019, as subvencións para o Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020; código de procedemento VI406A.

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para que poidan axudar con carácter urxente as unidades de convivencia que residan, en condicións de propietarias, nunha edificación ou nunha vivenda que se encontre en mal estado de conservación e non dispoñan de recursos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.

Así mesmo, estas subvencións terán por obxecto permitir aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes rehabilitaren edificacións ou vivendas do seu patrimonio municipal para destinalos a solucionar os problemas de residencia de unidades de convivencia que cumpran os requisitos fixados nesta resolución.

CRÉDITO ORZAMENTARIO

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.760.0, por importe de 200.000 euros, e con cargo á anualidade 2019 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Prazo: 06/02/2019 – 31/05/2019

O prazo para a presentación de solicitudes desta convocatoria comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e terminará cando se esgote a partida orzamentaria contida nesta convocatoria e, en todo caso, o día 31 de maio de 2019.

Máis información:

No Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

No Diario Oficial de Galicia (DOG. Nº. 25)

Na Base de datos nacional de subvencións (**BDNS identif.: 437847**) http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index

Na web da FEGAMP: http://www.fegamp.gal/content/subvencions-do-programa-de-infravivenda-do-plan-rehavita-plan-galego-de-rehabilitacion-2

A Carolina, un pasodobre ao son da Bela Otero

A Carolina é unha cantiga da tradición galaico-portuguesa cuxa orixe non é clara xa que a tradición oral sinala que se canta desde Asturias ata Portugal, pasando por Galicia claro está. Estamos a falar dunha cantiga de ritmo alegre, en concreto un pasodobre, que conta tamén cunhas letras de dobres sentidos que falan dos encantos dunha muller fermosa, a Carolina, que goza da admiración dos homes do seu pobo: do crego, do coronel, etcétera. A letra dinos que na saia da moza hai un "lagarto" pintado e cando ela baila, o lagarto "dálle ao rabo", que parece significar o desexo masculino cara ela. Pero nesta ocasión non imos indagar na orixe mesma da cantiga, senón na muller que se di foi inspiración das letras da mesma xa que, aínda que non está probado debido a orixe popular da letra, transcendeu ata os nosos días que a cantiga da Carolina foi dedicada á galega coñecida como "A Bela Otero".

A Bela Otero foi en realidade Agustina del Carmen Otero, nacida en 1868 en San Miguel de Valga no concello de Valga en Pontevedra. Era filla de nai solteira e moi pobre, e de pai descoñecido, polo que as súas orixes foron moi humildes. Viviu ata os 10 anos no seu pobo natal, cando un feito terrible como foi a violación sufrida pola moza por parte do zapateiro do pobo, provocou que Otero tivera que estar ingresada varios meses en Santiago de Compostela para recuperarse da agresión. Este feito marcará á Bela Otero física e psicoloxicamente durante toda a súa vida, e deixaríaa estéril para sempre. Tras este duro episodio, A Bela Otero desaparece da súa contorna e son diversos os lugares onde se sitúa a rapaza coma Pontevedra ou Portugal. Carolina Otero reaparece uns anos despois en Cataluña para trasladarse finalmente a París onde se convertería nunha das *cocottes* máis importantes da *Belle Époque* de París entre finais do século XIX e principios do século XX.

A construción da personaxe artística da Bela Otero está chea de inexactitudes e falsos datos que ela mesma se encargou de espallar para ocultar a súa orixe humilde e feitos como o da súa violación sendo unha nena. Foron varios os nomes e identidades falsas que A Bela Otero empregou para referirse a si mesma, pero o nome máis coñecido co que se deu a coñecer foi o de Carolina Otero e co que realmente acadou a fama. Parte do seu éxito, din os/as que a coñeceron, radicaba na súa propia persoa: nos seus movementos, na súa figura, na súa imaxinación, no seu aire sedutor, na súa intelixencia. Son moitos os que afirman que a súa mirada tiña "o lume dentro" e por todo isto, A Bela Otero conseguiu ser a cortesá máis desexada da época, e atraer o interese dos homes máis ricos e poderosos de Europa nese momento, tales como Guillermo II de Alemania, Nicolás II de Rusia, ou Alfonso XIII de España.

O seu mito supera á súa historia pero non en balde A Bela Otero foi a primeira artista galega (e tamén a primeira española) coñecida internacionalmente. Realizou xiras como cantante e actriz por varios países sendo moi recoñecida en Rusia, Arxentina ou Cuba, e por todo isto, chegou a reunir unha fabulosa fortuna que dilapidou case ao completo debido a súa ludopatía, nos casinos europeos, principalmente no de Montecarlo. En 1910 retirouse de escena e trasladouse a vivir a Niza en Suíza onde remataría os seus días sustentada economicamente cunha pensión pecuniaria que lle pasaba o propio casino de Montecarlo en agradecemento a tempos pasados. Carolina Otero finou en 1965 á idade de 97 anos, arruinada e soa, pero rodeada de recordos da súa vida.

Non sabemos se a canción da Carolina foi dedicada realmente a ela, pero o que si sabemos é que a Carolina apoderada detrás da Bela Otero, ben merecería unha canción eterna coma esta.

culinaria

Cociña Culinaria

servizos especializados de restauración colectiva

Xantares a domicilio • Centros residenciais • Centros de día terapéuticos
Escolas infantís • Comedores escolares...

Cociña especializada en dietética e nutrición

Respostas adaptadas a cada tipo de servizo

Teléfono de atención ao cliente do grupo sociser

902 104 900

Parque Empresarial Área 33. Parcela 31C • 36540 Silleda (Pontevedra-Spain)
info@cocinaculinaria.com • www.cocinaculinaria.com

Grupo sociser sociedade e servizos

Distribuído por: xero catering

fegamp

Abadín / Abegondo / Agolada / Alfoz / Allariz / Ames / Amoeiro / Antas de Ulla / Aranga / Arbo / Ares / A Arnoia / Arteixo / Arzúa / Avión / Baiona / Baleira / Baltar / Bande / A Baña / Baños de Molgas / Baralla / Barbadás / O Barco de Valdeorras / Barreiros / Barro / Beade / Beariz / Becerreá / Begonte / Bergondo / Betanzos / Os Blancos / Boborás / Boimorto / Boiro / A Bola / O Bolo / Boqueixón / Bóveda / Brión / Bueu / Burela / Cabana de Bergantiños / Cabanas / Caldas de Reis / Calvos de Randín / Camariñas / Cambados / Cambre / Campo Lameiro / Cangas / A Cañiza / A Capela / Carballeda de Avia / Carballeda de Valdeorras / Carballedo / O Carballiño / Carballo / Cariño / Carnota / Carral / Cartelle / Castrelo de Miño / Castrelo do Val / Castro Caldelas / Castro de Rei / Castroverde / Catoira / Cedeira / Cee / Celanova / Cenlle / Cerceda / Cerdedo–Cotobade / Cerdido / Cervantes / Cervo / Chandrexa de Queixa / Chantada / Coirós / Coles / Corcubión / O Corgo / Coristanco / Cortegada / A Coruña / Cospeito / Covelo / Crecente / Cualedro / Culleredo / Cuntis / Curtis / Dodro / Dozón / Dumbría / Entrimo / Esgos / A Estrada / Fene / Ferrol / Fisterra / Folgoso do Courel / A Fonsagrada / Forcarei / Fornelos de Montes / Foz / Frades / Friol / Gomesende / Gondomar / O Grove / A Guarda / A Gudiña / Guitiriz / Guntín / A Illa de Arousa / O Incio / O Irixo / Irixoa / Lalín / A Lama / Láncara / A Laracha / Larouco / Laxe / Laza / Leiro / Lobeira / Lobios / Lourenzá / Lousame / Lugo / Maceda / Malpica de Bergantiños / Manzaneda / Mañón / Marín / Maside / Mazaricos / Meaño / Meira / Meis / Melide / Melón / A Merca / Mesía / A Mezquita / Miño / Moaña / Moeche / Mondariz / Mondariz-Balneario / Mondoñedo / Monfero / Monforte de Lemos / Montederramo / Monterrei / Monterroso / Moraña / Mos / Mugardos / Muíños / Muras / Muros / Muxía / Narón / Navia de Suarna / Neda / Negreira / Negueira de Muñiz / As Neves / Nigrán / As Nogais / Nogueira de Ramuín / Noia / Oia / Oímbra / Oleiros / Ordes / Oroso / Ortigueira / Ourense / Ourol / Outeiro de Rei / Outes / Oza-Cesuras / Paderne / Paderne de Allariz / Padrenda / Padrón / Palas de Rei / Pantón / Parada de Sil / Paradela / O Páramo / A Pastoriza / Pazos de Borbén / Pedrafita do Cebreiro / O Pereiro de Aguiar / A Peroxa / Petín / O Pino / Piñor / A Pobra de Trives / A Pobra do Brollón / A Pobra do Caramiñal / Poio / Pol / Ponte Caldelas / Ponteareas / Ponteceso / Pontecesures / Pontedeume / Pontedeva / A Pontenova / As Pontes de García Rodríguez / Pontevedra / Porqueira / O Porriño / Portas / Porto do Son / Portomarín / Punxín / Quintela de Leirado / Quiroga / Rábade / Rairiz de Veiga / Ramirás / Redondela / Rianxo / Ribadavia / Ribadeo / Ribadumia / Ribas de Sil / Ribeira / Ribeira de Piquín / Riós / Riotorto / Rodeiro / Rois / O Rosal / A Rúa / Rubiá / Sada / Salceda de Caselas / Salvaterra de Miño / Samos / San Amaro / San Cibrao das Viñas / San Cristovo de Cea / San Sadurniño / San Xoán de Río / Sandiás / Santa Comba / Santiago de Compostela / Santiso / Sanxenxo / Sarreaus / Sarria / O Saviñao / Silleda / Sober / Sobrado / As Somozas / Soutomaior / Taboada / Taboadela / A Teixeira / Teo / Toén / Tomiño / Toques / Tordoia / Touro / Trabada / Trasmiras / Trazo / Triacastela / Tui / Val do Dubra / O Valadouro / Valdoviño / Valga / Vedra / A Veiga / Verea / Verín / Viana do Bolo / O Vicedo / Vigo / Vila de Cruces / Vilaboa / Vilagarcía de Arousa / Vilalba / Vilamarín / Vilamartín de Valdeorras / Vilanova de Arousa / Vilar de Barrio / Vilar de Santos / Vilardevós / Vilariño de Conso / Vilarmaior / Vilasantar / Vimianzo / Viveiro / Xermade / Xinzo de Limia / Xove / Xunqueira de Ambía / Xunqueira de Espadanedo / Zas

www.fegamp.gal